



ELECCIÓN A REPRESENTANTES DO ALUMNADO NO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Dos catro membros que forman parte como representantes deste sector no Consello Escolar corresponde elixir no presente proceso electoral de renovación parcial tres alumnos/as.

2. Son electores e elixibles todos/as os/as alumnos/as matriculados no Centro e incluídos no censo que está exposto a partir do día de hoxe no taboleiro de anuncios da Secretaría (porta da oficina).

3. O prazo de presentación de candidaturas na Secretaría, segundo o modelo que se facilitará na mesma Secretaría, abranguerá dende o 11 de novembro ata as 14:00 horas do día 21 de novembro.

4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase o día 22 de novembro, ás 10:25 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e 2 alumnos/as.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 21 ao 25 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.

6. As votacións realizaranse no centro o martes 29 de novembro segundo o horario seguinte:

- | | |
|---------------------------|--------------------------|
| - De 09,35 h. a 10,25 h.- | 2º ESO e 1º ESO |
| - De 10.45 h. a 11,35 h.- | 2º de BACH. e 1º BACH. B |
| - De 11,35 h. a 12,25 h.- | 3º ESO e 1º BACH. A |
| - De 12,45 h. a 13,35 h.- | 4º ESO e 1º BACH. C |

7. Na papeleta de votación cada elector/a marcará un máximo de dous nomes dos candidatos/as presentados/as.

8. O voto será directo, secreto e non delegado.

9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

A Estrada, 11 de Novembro de 2022.

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,